



INSTITUTO  
GALEGO DE  
ESTADÍSTICA



# INFORME SOBRE A ENQUISA TRIMESTRAL DE CUSTO LABORAL

Segundo trimestre de 2022

Santiago de Compostela, 16 de setembro de 2022

Instituto Galego de Estatística  
Complexo Administrativo San Lázaro s/n  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>  
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)  
FAX: 981.54.13.23  
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

## Enquisa trimestral de custo laboral (ETCL). Segundo trimestre de 2022


- O custo laboral das empresas rexistrou en Galicia unha taxa de variación anual do 3,1% no segundo trimestre de 2022; no conxunto de España a taxa foi do 3,8%. O custo laboral total en Galicia é de 2.573,69 euros, 298 euros inferior á media nacional (2.871,64 euros).
- O custo salarial creceu en Galicia un 3,6% no segundo trimestre de 2022 con respecto ao mesmo período do ano anterior e en España un 4,3%. O custo salarial en Galicia sitúase nos 1.918,86 euros, mentres que a media do conxunto de España é de 2.153,88 euros.
- O custo laboral por hora efectiva aumenta un 1,1% en Galicia e un 0,6% en España.
- O custo laboral aumenta en todas as comunidades autónomas agás en Asturias.
- A xornada semanal media pactada é de 35,1 horas semanais en Galicia e de 34,7 horas en España.

Custo laboral. Segundo trimestre de 2022			
Taxa de variación anual do custo total e achegas dos seus compoñentes		Euros	Taxa interanual
3,1	Custo total	2.573,69	3,1
2,6	Custo salarial total	1.918,86	3,6
	Outros custos	654,83	1,9
0,9	Cotizacións obrigatorias	618,52	3,8
-0,5	Percepcións non salariais	53,75	-18,5
-0,1	Subvencións e bonificacións <sup>(1)</sup>	17,43	-9,2

## 1. Custo laboral segundo os seus compoñentes

O custo laboral das empresas rexistrou en Galicia unha taxa de variación anual do 3,1% no segundo trimestre de 2022; no conxunto de España a taxa foi do 3,8%. O custo laboral total en Galicia é de 2.573,69 euros, 298 euros inferior á media nacional (2.871,64 euros).

O seguinte gráfico amosa a evolución do custo laboral por traballador e mes.



O custo laboral pode desagregarse en dous grupos: custo salarial e outros custos.

- O Custo salarial, que comprende salario base, complementos salariais, pagos por horas extraordinarias, pagos extraordinarios e pagos atrasados, medidos en termos brutos, acadada os 1.918,86 euros por traballador e mes en Galicia, o que supón un incremento do 3,6%. En España, o custo salarial crece un 4,3%.
- Se se exclúe o factor variable dos salarios (pagos extraordinarios e atrasados), obtense o custo salarial ordinario, que aumenta o 3,7% en Galicia, acadando os 1.673,60 euros. En España, o custo salarial ordinario é de 1.808,28 euros, cun incremento do 4,1% respecto ao mesmo trimestre do ano anterior.
- Os Outros custos, que comprenden principalmente as cotizacións obrigatorias á Seguridade Social e as percepcións non salariais (indemnizacións, prestacións sociais,...) sitúanse en 654,83 euros en Galicia, co que aumentan un 1,9%; en España crecen un 2,2%, ata os 717,76 euros.

## 2. Custo laboral segundo actividade económica

Desagregando segundo sectores de actividade económica, o custo laboral total aumenta nos tres grandes sectores.

Na Industria o Custo total aumenta un 3,3%, debido ao incremento do Custo salarial total, 6,0%; os Outros custos diminúen un 3,8%.

INDUSTRIA. Segundo trimestre de 2022			
Taxa de variación do custo total e achegas dos seus compoñentes		Euros	Taxa interanual
3,3	Custo total	2.947,50	3,3
4,3	Custo salarial total	2.184,51	6,0
-3,8	Outros custos	762,99	-3,8
0,3	Cotizacións obrigatorias	717,00	1,4
-1,4	Percepcións non salariais	56,43	-41,2
0,0	Subvencións e bonificacións <sup>(1)</sup>	10,44	3,1

<sup>(1)</sup> As subvencións subtráense dos outros custos

O Custo total na Construción aumenta un 8,3%, crescendo o Custo salarial total un 9,5% e os Outros custos un 5,0%.

CONSTRUCCIÓN. Segundo trimestre de 2022			
Taxa de variación do custo total e achegas dos seus compoñentes		Euros	Taxa interanual
8,3	Custo total	3.188,95	8,3
6,9	Custo salarial total	2.337,01	9,5
5,0	Outros custos	851,94	5,0
1,1	Cotizacións obrigatorias	730,95	4,6
0,5	Percepcións non salariais	132,31	11,5
0,2	Subvencións e bonificacións <sup>(1)</sup>	11,33	96,0

<sup>(1)</sup> As subvencións subtráense dos outros custos

Nos Servizos o Custo total aumenta un 2,8% como consecuencia do incremento do Custo salarial total, 2,5% e dos Outros custos, 3,7%.

## SERVIZOS. Segundo trimestre de 2022

Taxa de variación do custo total e achegas dos seus compoñentes		Euros	Taxa interanual
2,8	Custo total	2.432,67	2,8
1,8	Custo salarial total	1.820,34	2,5
	Outros custos	612,33	3,7
1,1	Cotizacións obrigatorias	585,80	4,8
-0,3	Percepcións non salariais	46,11	-14,3
-0,1	Subvencións e bonificacións <sup>(1)</sup>	19,59	-13,5

<sup>(1)</sup> As subvencións subtráense dos outros custos

O custo laboral na Industria e nos Servizos en Galicia é inferior á media nacional en máis de 300 euros; mentres que na Construción o custo é superior en Galicia en máis de 190 euros.

### 3. Tempo de traballo

No segundo trimestre de 2022, a xornada semanal media pactada en Galicia é de 35,1 horas semanais, e destas, pérdense 5,2 horas semanais. En España, a xornada semanal pactada é de 34,7 horas, das que se perden 4,6 horas semanais.

Se se engaden horas extras e se restan as horas perdidas, a xornada efectiva é de 30,0 horas semanais en Galicia e de 30,3 horas no conxunto do Estado.

O custo laboral total por hora efectiva aumenta en Galicia un 1,1% e en España un 0,6%.

#### Custo laboral por hora efectiva. Segundo trimestre de 2022

	Euros	Taxa interanual
Galicia		
Custo laboral total	19,7	1,1
Custo salarial total	14,7	1,5
Outros custos	5,0	0,0
España		
Custo laboral total	21,8	0,6
Custo salarial total	16,4	1,1
Outros custos	5,5	-0,9

Fonte: NE

#### 4. Custo laboral corrixido de estacionalidade e calendario

Se eliminamos os efectos estacionais e de calendario, o custo laboral por traballador rexistra unha taxa do 3,2% respecto ao mesmo trimestre do ano anterior.




#### 5. Custo laboral por comunidades autónomas

Por comunidades autónomas, o custo laboral máis elevado corresponde a Madrid, que supera en máis de 500 euros á media nacional, mentres que en Extremadura o custo laboral é inferior á media nacional na mesma cantidade.

O custo laboral aumenta en todas as comunidades agás en Asturias (-0,9%). Os maiores incrementos prodúcense en Canarias (15,2%), Illes Balears (7,5%) e Castilla – La Mancha (7,3%).

## Custo laboral total. 2º trimestre de 2022

Taxas de variación en %



### Notas metodolóxicas

A Enquisa trimestral de custo laboral ten por obxectivo coñecer a evolución do custo laboral medio por traballador e por hora efectiva de traballo.

Investíganse os traballadores asalariados por conta allea asociados as Contas de Cotización á Seguridade Social incluídas no Réxime Xeral e cuxa actividade económica estea encadrada nas seccións B a S da CNAE-09 e no Réxime Especial de traballadores do mar e cuxa actividade económica é o transporte marítimo.

Custo laboral: custo no que incorre o empregador pola utilización de factor traballo. Comprende un amplo grupo de partidas que a enquisa recolle en dous bloques principais: custos salariais e outros custos.

Custo salarial: comprende todas as percepcións económicas realizadas aos traballadores, en efectivo ou en especie, pola prestación profesional dos servizos laborais por conta allea, xa retribúan o traballo efectivo, calquera que sexa a forma de remuneración, ou os períodos de descanso computables como de traballo.

Outros custos: inclúen as percepcións non salariais e as cotizacións obrigatorias á Seguridade Social.

Hora efectiva: son as horas realmente traballadas tanto en períodos normais de traballo como en xornada extraordinaria, incluíndo as horas perdidas no lugar de traballo, que teñen a consideración de tempo efectivo en virtude da normativa vixente.

Custo laboral por traballador e mes: mide o custo que supón para o empresario empregar a un traballador durante un mes.

Custo laboral por hora efectiva de traballo: mide o custo que supón para o empresario unha hora efectiva de traballo.

O custo debe ser medido en termos netos para o empregador, é dicir, deducindo as diversas subvencións recibidas.



## Anexo cadros

Cadro 1.- Custo laboral por sectores económicos segundo os seus compoñentes. Segundo trimestre de 2022

	Total		Industria		Construción		Servizos	
	Euros	Taxa interanual	Euros	Taxa interanual	Euros	Taxa interanual	Euros	Taxa interanual
<b>Galicia</b>								
Custo laboral total	2.573,69	3,1	2.947,50	3,3	3.188,95	8,3	2.432,67	2,8
Custo salarial total	1.918,86	3,6	2.184,51	6,0	2.337,01	9,5	1.820,34	2,5
Custo salarial ordinario	1.673,60	3,7	1.854,57	3,3	1.780,29	10,2	1.622,41	3,3
Outros custos	654,83	1,9	762,99	-3,8	851,94	5,0	612,33	3,7
Cotizacións obrigatorias	618,52	3,8	717,00	1,4	730,95	4,6	585,80	4,8
Percepcións non salariais	53,75	-18,5	56,43	-41,2	132,31	11,5	46,11	-14,3
Subvencións e bonificacións	17,43	-9,2	10,44	3,1	11,33	96,0	19,59	-13,5
<b>España</b>								
Custo laboral total	2.871,64	3,8	3.353,36	4,0	2.997,20	5,6	2.779,40	3,8
Custo salarial total	2.153,88	4,3	2.501,54	5,4	2.181,81	7,2	2.092,10	4,0
Custo salarial ordinario	1.808,28	4,1	2.039,00	4,0	1.752,91	2,6	1.772,94	4,4
Outros custos	717,76	2,2	851,82	0,1	815,39	1,4	687,30	3,0
Cotizacións obrigatorias	665,53	4,1	791,08	2,8	740,72	1,8	638,25	4,8
Percepcións non salariais	66,59	-11,8	72,00	-21,6	85,04	-0,8	64,24	-10,5
Subvencións e bonificacións	14,36	12,4	11,27	9,7	10,37	17,3	15,19	12,2

Fonte:INE

Cadro 2.- Custo laboral por hora efectiva. Segundo trimestre de 2022

	Total		Industria		Construción		Servizos	
	Euros	Taxa interanual	Euros	Taxa interanual	Euros	Taxa interanual	Euros	Taxa interanual
<b>Galicia</b>								
Custo laboral total	19,7	1,1	21,5	4,1	21,8	7,4	19,1	-0,3
Custo salarial total	14,7	1,5	15,9	6,8	16,0	8,6	14,3	-0,6
Custo salarial ordinario	12,8	1,7	13,5	4,1	12,2	9,3	12,7	0,2
Outros custos	5,0	0,0	5,6	-3,0	5,8	4,1	4,8	0,4
<b>España</b>								
Custo laboral total	21,8	0,6	23,5	1,8	20,4	4,8	21,6	0,0
Custo salarial total	16,4	1,1	17,5	3,2	14,8	6,5	16,3	0,2
Custo salarial ordinario	13,7	0,9	14,3	1,8	11,9	1,8	13,8	0,6
Outros custos	5,5	-0,9	6,0	-2,0	5,5	0,5	5,3	-0,7

Fonte:INE

Cadro 3.- Horas semanais por traballador e mes<sup>1</sup>. Segundo trimestre de 2022

	Total		Industria		Construción		Servizos	
	Horas efectivas	Horas non traballadas	Horas efectivas	Horas non traballadas	Horas efectivas	Horas non traballadas	Horas efectivas	Horas non traballadas
<b>Galicia</b>								
Ambas xornadas	30,0	5,2	31,6	6,4	33,6	5,1	29,4	5,0
Tempo completo	33,1	5,9	31,6	6,9	34,1	5,2	33,1	5,7
Tempo parcial	18,3	2,7	18,6	2,9	22,9	2,1	18,2	2,7
<b>España</b>								
Ambas xornadas	30,3	4,6	32,8	5,4	33,9	4,4	29,6	4,5
Tempo completo	33,7	5,2	33,9	5,6	34,9	4,6	33,5	5,2
Tempo parcial	18,6	2,5	20,0	2,4	20,8	1,8	18,5	2,5

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos difundidos por BNE

<sup>1</sup> A efectos de cálculo, considéranse 4,35 semanas ao mes

Cadro 4.- Custo laboral total. Segundo trimestre de 2022

	Custo laboral por traballador e mes			Custo laboral por hora efectiva		
	Euros	Índice 2016=100	Taxa interanual	Euros	Índice 2016=100	Taxa interanual
España	2.871,6	113,0	3,8	21,8	110,3	0,6
Andalucía	2.556,0	111,5	4,3	19,6	108,7	1,6
Aragón	2.809,4	116,3	3,0	21,3	110,9	0,4
Asturias	2.848,2	110,7	-0,9	22,5	110,4	-0,6
Balears, Illes	2.642,5	110,9	7,5	19,2	107,2	-2,7
Canarias	2.432,7	112,6	15,2	18,4	111,5	2,9
Cantabria	2.686,0	110,6	3,9	20,6	111,1	1,5
Castilla y León	2.590,7	111,5	3,2	20,2	109,0	0,4
Castilla-La Mancha	2.625,9	116,2	7,3	20,2	114,1	5,1
Cataluña	3.118,9	115,9	5,1	23,7	112,9	1,2
Comunitat Valenciana	2.608,5	115,2	3,3	19,7	111,0	-0,9
Extremadura	2.327,1	111,0	1,8	17,9	107,1	-1,3
Galicia	2.573,7	114,5	3,1	19,7	113,5	1,1
Madrid	3.377,6	112,3	2,4	25,0	110,1	0,8
Murcia	2.527,2	109,1	1,3	19,5	108,5	1,4
Navarra	3.077,7	115,9	2,7	23,5	109,1	-1,8
País Vasco	3.160,3	107,2	1,5	25,1	103,3	-1,1
Rioja, La	2.627,1	112,3	4,7	20,2	108,9	-0,3

Fonte: BNE

Cadro 5.- Custo salarial. Segundo trimestre de 2022

	Custo salarial por traballador e mes			Custo salarial por hora efectiva		
	Euros	Índice 2016=100	Taxa interanual	Euros	Índice 2016=100	Taxa interanual
España	2.153,9	113,5	4,3	16,4	110,8	1,1
Andalucía	1.900,0	112,0	5,4	14,5	109,1	2,7
Aragón	2.096,7	116,9	3,1	15,9	111,5	0,5
Asturias	2.149,5	111,3	-0,4	17,0	111,1	-0,2
Balears, Illes	1.951,9	110,9	5,7	14,2	107,1	-4,3
Canarias	1.796,6	113,0	16,1	13,6	111,9	3,7
Cantabria	2.015,5	111,5	4,9	15,4	112,1	2,5
Castilla y León	1.933,4	112,5	3,3	15,0	110,0	0,5
Castilla-La Mancha	1.950,8	116,8	8,3	15,0	114,7	6,2
Cataluña	2.354,1	116,7	5,6	17,9	113,8	1,8
Comunitat Valenciana	1.930,7	114,7	4,2	14,6	110,5	0,1
Extremadura	1.734,5	111,4	2,0	13,3	107,4	-1,1
Galicia	1.918,9	115,9	3,6	14,7	114,9	1,5
Madrid	2.591,7	113,7	2,9	19,2	111,6	1,4
Murcia	1.884,4	109,3	2,4	14,5	108,7	2,5
Navarra	2.271,3	115,6	1,9	17,3	108,7	-2,6
País Vasco	2.297,9	104,3	1,5	18,2	100,5	-1,0
Rioja, La	1.963,0	112,0	5,2	15,1	108,7	0,1

Fonte:NE

Cadro 6.- Outros custos. Segundo trimestre de 2022

	Outros custos por traballador e mes			Outros custos por hora efectiva		
	Euros	Índice 2016=100	Taxa interanual	Euros	Índice 2016=100	Taxa interanual
España	717,8	111,5	2,2	5,5	108,8	-0,9
Andalucía	656,0	110,3	1,0	5,0	107,5	-1,6
Aragón	712,8	114,6	2,7	5,4	109,3	0,0
Asturias	698,8	108,8	-2,1	5,5	108,5	-2,0
Balears, Illes	690,6	110,9	12,8	5,0	107,3	2,0
Canarias	636,1	111,4	12,7	4,8	110,3	0,6
Cantabria	670,5	107,8	0,9	5,1	108,2	-1,5
Castilla y León	657,3	108,5	2,9	5,1	106,2	0,2
Castilla-La Mancha	675,1	114,4	4,4	5,2	112,3	2,2
Cataluña	764,8	113,4	3,5	5,8	110,3	-0,3
Comunitat Valenciana	677,8	116,9	0,6	5,1	112,5	-3,6
Extremadura	592,6	109,8	1,2	4,6	106,0	-1,9
Galicia	654,8	110,4	1,9	5,0	109,4	0,0
Madrid	785,8	107,7	0,7	5,8	105,6	-0,9
Murcia	642,7	108,5	-1,8	5,0	107,8	-1,8
Navarra	806,4	117,0	5,0	6,2	110,2	0,5
País Vasco	862,4	115,9	1,4	6,8	111,6	-1,2
Rioja, La	664,2	112,9	3,3	5,1	109,4	-1,7

Fonte:NE